



MEDIDAS PARA A PROCURA DO RECOÑECEMENTO DO CONCELLO DE PADRÓN COMO “CIDADE AMIGA DA INFANCIA”

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do xoves, 29 de novembro, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre as preocupacións da nosa formación están o benestar das nenas e nenos así como dos adolescentes e avogamos pola súa participación activa na política local. Neste sentido presentamos a este Pleno esta moción co fin de que o goberno local en representación do Concello de Padrón desenvolva un plan local para impulsar espazos de participación a través de consellos locais de infancia e traballar en alianza con outras administracións públicas ou entidades para alcanzar un conxunto de accións co seu correspondente compromiso orzamentario que terá por obxecto contribuír aos seguintes obxectivos:

1. Cada nena e neno é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;
2. As voces, necesidades e prioridades de cada nena e neno escóitanse e considéranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;
3. Todas as nenas e nenos teñen acceso a servizos esenciais de calidade;
4. Todas as nenas e nenos viven en contornas seguras e limpas;
5. Todas as nenas e nenos teñen a oportunidade de gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Estes cinco obxectivos están marcados por UNICEF dentro do programa “**Cidades Amigas da Infancia**” coas que está a crear unha rede de municipios, cabidos, consellos insulares ou mancomunidades que a día de hoxe suman un total de 274 Gobernos Locais que situaron á infancia no centro das súas políticas públicas. Grazas a iso, o 41% dos nenos, nenas e adolescentes que viven en España, fano nunha Cidade Amiga da infancia.

- Pero que é o Programa CAI?

O **Programa Cidades Amigas da Infancia** pretende contribuír a mellorar as condicións de vida das nenas, nenos e adolescentes, mediante a promoción e a implantación de políticas municipais eficaces que garantan o seu desenvolvemento integral cun enfoque de dereitos. Este programa está liderado por UNICEF Comité Español, e desenvólvese en alianza co **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)** e o **Instituto Universitario Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA)**. Estas catro institucións conforman a

Secretaría Permanente do Programa, é dicir, o órgano colexiado encargado de establecer a estratexia do mesmo.

O Programa Cidades Amigas da infancia conta cos seguintes enfoques:

- **Traballo en REDE:** O enfoque de Alianzas Locais pola Infancia e a Adolescencia (ALIA), é unha visión estratéxica para o desenvolvemento de políticas locais baseadas na colaboración entre gobernos locais, outras institucións públicas e organizacións sociais de diverso tipo.
- **Participación:** Dar voz ás nenas, nenos e adolescentes, para que as súas opinións e propostas sexan tidas en conta nas decisións dos Gobernos Locais, das organizacións e das persoas adultas en xeral. É dicir, que sexa unha ferramenta eficaz e real para a identificación e posta en práctica de solucións aos problemas que lles afectan.
- **Equidade:** Inclusión e cohesión social no ámbito local, focalizando accións nos grupos máis vulnerables. É dicir, realizar un esforzo para protexer ás nenas e nenos que corren maior risco de “quedar atrás”.
- **Enfoque Axenda 2030:** Incorporar Axendas internacionais que requiren da súa implementación dende o local, cunha mirada global. Por unha banda, este enfoque fai referencia especificamente á Axenda 2030, a cal inclúe os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, adoptados en setembro de 2015 pola Asemblea de Nacións Unidas. Ao longo dos seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e 169 metas asociadas, abórdanse tres dimensións (social, económica e ambiental) que deben ser implementadas por todos os Estados. Esta folla de ruta, por tanto, constitúe un instrumento esencial para fortalecer o compromiso dos gobernos do mundo co desenvolvemento e protección de todos as nenas, os nenos e a mocidade. En segundo lugar, este enfoque fai referencia a Habitat III. A Nova Axenda Urbana, organizada por Nacións Unidas e aprobada en outubro de 2016 en Quito, establece retos para facer dos asentamentos urbanos espazos para todas e todos.

- Que é unha Cidade Amiga da infancia?

Unha Cidade Amiga da Infancia (CAI) respecta e aplica nas súas políticas, normas e programas, os dereitos da infancia contidos na Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN).

Ser unha Cidade Amiga da Infancia significa trasladar a CDN ao ámbito local, recoñecendo ás nenas, nenos e adolescentes o seu dereito a que:

- As súas voces, ideas e opinións sobre o Concello que queren sexan escoitadas e tidas en conta nas súas familias, comunidades, contorna social e Goberno local
- Coas súas achegas créase un espazo de convivencia mellor para toda a cidadanía
- Todas as nenas e nenos teñen as mesmas oportunidades, con independencia da súa orixe, relixión,

nivel de ingresos, xénero ou discapacidade.

- Todas as nenas e nenos son protexidos da explotación, o abuso ou a violencia.
- Todas as nenas e nenos poden camiñar sos e seguros polas rúas.
- Todas as nenas e nenos contan con espazos de encontro e de xogos para compartir coas súas amizades así como espazos verdes e un ambiente sen contaminar.
- As nenas e nenos poden participar en eventos sociais e culturais.
- Todas as nenas e nenos reciben servizos básicos como sanidade e educación.

- Que é o Recoñecemento “Cidade Amiga da Infancia”?

É unha distinción que outorga UNICEF Comité Español, xunto cos seus aliados (Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, a Federación Española de Municipios e Provincias e o IUNDIA), para poñer en valor o compromiso e o esforzo que realizan os concellos, mancomunidades e outros Gobernos Locais, xunto cos seus aliados, a fin de incorporar á infancia e adolescencia no centro da súa axenda política. Desta forma, unha cidade ou comunidade recoñecida é aquela onde as voces, as necesidades, as prioridades e os dereitos das nenas e nenos constitúen unha parte integral das políticas, os programas e as decisións públicas.

É un Recoñecemento que recoñece a importancia de aplicar a nivel local un modelo de xestión desde un enfoque de dereitos da infancia. Un modelo que favorece á coordinación interna e externa, que promove e xera mecanismos reais de participación infantil e adolescente e que conta cunha estratexia a longo prazo para incorporar á infancia nas políticas e accións impulsadas desde os gobernos locais.

Obter o Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia é o inicio dun proceso de aprendizaxe e mellora continua para desenvolver, conxuntamente cos diversos actores sociais, as políticas e iniciativas locais que favorezan a aplicación real da Convención sobre os Dereitos das Nenas e Nenos.

Todos os gobernos locais recoñecidos contan coa infancia como interlocutor válido no deseño, implementación e seguimento das accións dirixidas a elas e eles. A través dos Consellos de Participación garántese o cumprimento dos dereitos das nenas e nenos para opinar e ser escoitadas e escoitados nos temas que lles afectan, á vez que axudan a crear cidades máis democráticas e equitativas.

En cada un dos gobernos locais recoñecidos existe un compromiso político para que as voces, necesidades, prioridades e dereitos das nenas, nenos e adolescentes sexan unha prioridade, feito que se traduce nos acordos de pleno, onde a corporación local acepta concorrer á candidatura.

Na medida en que non existe ningunha cidade perfecta, resulta fundamental promover procesos e ferramentas de seguimento e avaliación para incorporar as aprendizaxes e medir os impactos conseguidos, co fin de mellorar a situación da infancia nesa localidade.

Cada dous anos, UNICEF Comité Español abre unha convocatoria pública á que poden presentarse todos

os gobernos locais que desexen asumir este compromiso. Este Recoñecemento ten validez para un período de catro anos e outórgase tras un proceso de diagnóstico e análise que finaliza coa acreditación por parte de UNICEF Comité Español.

Actualmente existen 170 municipios en España recoñecidos co Selo de Cidades Amigas da Infancia. Para obter o Recoñecemento de Cidade Amiga da Infancia, desde UNICEF Comité Español propoñes os seguintes pasos:

1. Contactar coa oficina autonómica de UNICEF Comité Español para estar ao tanto das novidades da iniciativa, sesións informativas ou formativas, etc.
2. Facer un diagnóstico participativo da realidade da infancia residente no municipio para avaliar a situación de partida. Este documento abarca, nunha análise 360º, todos os aspectos relativos á infancia tanto directos (demográficos, infraestrutura, educación, saúde, lecer e tempo libre, discapacidade, pobreza, protección, medio ambiente...) como indirectos (situación socioeconómica do municipio, mercado laboral, acceso a educación de segundo e terceiro ciclo, etc). Poñer o foco na identificación da infancia máis vulnerable será clave para a posterior implementación axustada de políticas locais baseadas na equidade.
3. Diseñar un Plan Local de Infancia. Trátase dun documento estratéxico clave no que, a partir do diagnóstico de situación da infancia, o Goberno Local proxecta nunha temporalidade acoutada actuacións para mellorar a situación da infancia establecendo as medidas correctivas adecuadas en base ao momento de partida.
4. Crear e impulsar un órgano local estable de participación infantil. Trátase dunha estrutura recoñecida e promovida polo Goberno Local que pode adoptar diversas figuras (como pleno infantil, comisión de infancia, consello municipal de infancia, etc.). Non existen unha fórmula ou denominación única, sempre que se acheguen evidencias de que existe unha dinámica de participación real, periódica e proxectada para que, progresivamente, poida chegar e implicar a un maior número de nenas, nenos e adolescentes.
5. Proporcionar mecanismos de participación, consulta e cooperación tanto dentro (interconcellerías) como fora (órgano de participación, AMPAS, ONG, etc.) do municipio. Estas serán as mesas de coordinación interna e externa do traballo en infancia do municipio.
6. Solicitar a UNICEF Comité Español o Recoñecemento de Cidade Amiga da Infancia.

- Que supón contar co Recoñecemento de Cidade Amiga da Infancia?

O Goberno Local subscribe un acordo con UNICEF Comité Español, a través do comité autonómico de referencia, no que consta o compromiso de implementación e de sustentabilidade acorde aos requisitos do Programa Cidades Amigas da Infancia.

Desta forma, durante os catro anos de vixencia do Recoñecemento, cada Goberno Local recoñecido implementará o seu Plan de Infancia, dinamizará o seu órgano de participación, fomentará alianzas

(mesas de coordinación interna e externa) e basearase en indicadores para facer seguimento e medir os avances en materia de dereitos das nenas, nenos e adolescentes que viven na súa localidade.

Adicionalmente, aos dous anos deberán presentar un informe intermedio dos avances do Plan Local de Infancia vixente no momento da obtención do Recoñecemento. Este informe realízase seguindo un formato estandarizado por UNICEF Comité Español.

Como un paso previo do programa *Cidades Amigas da Infancia está a declaración de Municipio Aliado*: A colaboración estable entre un Goberno Local e UNICEF Comité Español pode realizarse baixo a fórmula de “Concello Aliado”. Adquírese mediante a presentación dunha carta asinada pola Alcaldía e remitida fisicamente ou vía online ao comité autonómico de UNICEF ou a UNICEF Comité español. Nela asúmese o compromiso político e técnico de iniciar o proceso de traballo seguindo os criterios do Programa Cidades Amigas da Infancia.


A solicitude por parte dos Gobernos Locais a UNICEF Comité Español dá a condición de “concello aliado” e pódese realizar en calquera momento. Formar parte do Programa CAI non significa ser recoñecido como Cidade Amiga da Infancia, xa que se trata dun momento preliminar onde se establece o compromiso para lograr, a medio prazo, o cumprimento cos requisitos do Selo de recoñecemento de Cidades Amigas da Infancia.

Adquirida a condición de Concello Aliado, acordarase un plan de reunións e/ou procedementos de comunicación entre o Goberno Local e a oficina autonómica correspondente de UNICEF Comité Español, que facilite o deseño, execución e avaliación conxunta de liñas de actuación e proxectos a favor da infancia e a adolescencia en base aos criterios establecidos polo Programa CAI.

Por todo ou anteriormente exposto consideramos que debemos propoñer o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Colaboración entre o Goberno Local do Concello de Padrón e UNICEF Comité Español baixo a fórmula de “Concello Aliado” mediante unha carta asinada pola Alcaldía e remitida ao comité autonómico de UNICEF.
- 2.- Participación na convocatoria pública que fai UNICEF cada dous anos para conseguir o recoñecemento de “Cidade Amiga da Infancia”.

En Padrón, a 19 de novembro de 2018



Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN

